



» INTELIXENCIA ARTIFICIAL CONVOCATORIA IA 360

XUSTIFICACIÓN LIÑA B CHECK LIST E INSTRUCIÓNS





INNOVACIÓN

» DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA TÉCNICA

» MEMORIA TÉCNICA QUE ACREDITE

- DESCRIPCIÓN DA IMPLANTACIÓN DO PRODUTO E/OU SERVIZO E AS MELLORAS CONSEGUIDAS.
- RELACIÓN DE CARGA HORARIA DAS DIFERENTES TAREFAS DO PROXECTO.
- CUESTIONARIO DE AUTO AVALIACIÓN CUMPRIMENTO DNSH.
- DESVIACIÓN TÉCNICA, SI SE PRODUCIU E OS SEUS MOTIVOS.

VER INSTRUCCIÓN PÁXINA 4



» DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA ECONÓMICA

» DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

- DOCUMENTO 01. RESUMO EXECUCIÓN DOS CUSTOS SUBVENCIONABLES, ACOMPAÑADO DE;
 - DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO GASTO COMA, POR EXEMPLO, FACTURAS OU NÓMINAS.
 - DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO PAGAMENTO COMA, POR EXEMPLO, COPIAS OU EXTRACTOS DAS TRANSFERENCIAS BANCARIAS.
 - AMORTIZACIÓN DOS CUSTOS DE EQUIPOS, MATERIAL INSTRUMENTAL, ETC. | → SE > 15.000€ | 3 OFERTAS
 - SUBCONTRATACIÓNS.
- DOCUMENTO 02.1. CERTIFICACIÓN DOS CUSTOS DO PERSOAL DEDICADOS AO PROXECTO.
- DOCUMENTO 02.2. CERTIFICACIÓN DE DEDICACIÓN HORARIA DO PERSOAL.
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE AXUDAS, SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE MANTEMENTO DE CONTABILIDADE SEPARADA.
- CERTIFICADO DE TITULARIDADE DA CONTA BANCARIA, SE CAMBIOU RESPECTO DA XA ENTREGADA.
- DESVIACIÓN ECONÓMICA, SE SE PRODUCIU E OS SEUS MOTIVOS.

VER INSTRUCCIÓN PÁXINA 4



INNOVACIÓN

» DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA COMUNICACIÓN

» DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

- COMUNICACIÓN; XUSTIFICARASE O CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN DO FINANCIAMENTO ESTABLECIDOS NO ANEXO XII. OS MEDIOS PODERÁN SER OS MESMOS QUE OS DEVANDITOS NO APARTADO DA PUBLICIDADE.

VER INSTRUCCIÓN PÁXINA 4



» INSTRUCCIÓN DE XUSTIFICACIÓN

» MEMORIA TÉCNICA;

- CUESTIONARIO DE AUTO AVALIACIÓN CUMPRIMENTO DNSH; CONSONTE O MODELO PREVISTO NO ANEXO II DA GUÍA PARA O DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓN ACORDES CO PRINCIPIO DE NON CAUSAR UN PREXUÍZO SIGNIFICATIVO AO MEDIO AMBIENTE DO MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO, QUE EN TODO CASO ASEGRE A ADECUACIÓN DO PROXECTO AO PREVISTO NO ANEXO XIII.



INNOVACIÓN



» INSTRUCCIÓN DE XUSTIFICACIÓN

» DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA REQUIRIDA – DOCUMENTACIÓN GASTO | PAGAMENTO

- **DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO GASTO;** DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS GASTOS CONSISTENTES EN FACTURAS OU DOCUMENTOS DE VALOR PROBATORIO EQUIVALENTE NO TRÁFICO XURÍDICO MERCANTIL OU CON EFICACIA ADMINISTRATIVA, SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 28.3 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCÍONS DE GALICIA, E NO ARTIGO 48 DO DECRETO 11/2009, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DA CITADA LEI. AS FACTURAS DEBERÁN CONTER SUFICIENTE INFORMACIÓN QUE PERMITA RELACIONALAS CO GASTO XUSTIFICADO. ENTREGARANSE NA ORDE QUE SE DESCRIBE NO DOCUMENTO.

- **DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO PAGAMENTO;** CONFORME O PAGAMENTO FOI REALIZADO EFECTIVAMENTE DENTRO DO PRAZO DE EXECUCIÓN, POR ALGÚN DOS SEGUINTE MEDIOS;
 1. CON COPIA DE TRANSFERENCIAS BANCARIAS, CERTIFICACIÓNS BANCARIAS, EXTRACTOS BANCARIOS, OU DOCUMENTOS OBTIDOS A TRAVÉS DA BANCA ELECTRÓNICA. EN NINGÚN CASO SE ADMITIRÁN OS PAGAMENTOS XUSTIFICADOS MEDIANTE RECIBO DO PROVEDOR, PAGAMENTOS POR CAIXA OU EN EFECTIVO.

 2. INFORME DUN AUDITOR DE CONTAS INSCRITO NO ROAC (REXISTRO OFICIAL DE AUDITORES DE CONTAS) QUE DEBERÁ MANIFESTARSE SOBRE O PERÍODO DE REALIZACIÓN (FACTURACIÓN) E PAGAMENTO DOS GASTOS ALEGADOS, ASÍ COMO DA EXISTENCIA OU NON DE ABOAMENTOS OU DEVOLUCIÓNS POSTERIORES QUE POIDAN SUPOÑER UNHA REDUCIÓN NO VALOR PATRIMONIAL DOS BENS ALEGADOS COMO SUBVENCIONABLES NO EXPEDIENTE.



» INSTRUCCIÓN DE XUSTIFICACIÓN

» DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA REQUIRIDA – GASTOS DE PERSOAL

▪ CONSIDERACIÓN XERAIS;

- ACHEGARASE UNHA LISTAXE NO QUE SE IDENTIFICARÁ O **NOME**, A SÚA **RESPONSABILIDADE** NO PROXECTO, A **CARGA HORARIA** DEDICADA A CADA TAREFA E O **CUSTO REPERCUTIDO** AO PROXECTO. O CUSTO REPERCUTIDO CORRESPONDERASE CO SOLDADO, CUSTOS DE SEGURIDADE SOCIAL E OS POSIBLES COMPLEMENTOS ASOCIADOS AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.

▪ PERSOAL TEMPORAL DE NOVA CONTRATACIÓN;

- A CARGA HORARIA SERÁ NESTES CASOS DO 100%.
- COPIA DO CONTRATO ASINADO POR AMBAS PARTES CON INDICACIÓN DE DEDICACIÓN AO PROXECTO E REFERENCIA AO FINANCIAMENTO CON FONDOS MRR.

▪ DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA;

- COPIAS DAS NÓMINAS DO PERSOAL E DOS XUSTIFICANTES DE PAGAMENTO. ESPECIFICARÁN Á PERSOAL RECEPTORA E O PERÍODO DE PAGAMENTO.
- DECLARACIÓN DE RETENCIÓN DO IRPF COS IMPORTES MENSUAIS E POR TRABALLADOR. ESTA DECLARACIÓN VIRÁ ASINADA POLO RESPONSABLE DE PERSOAL DA EMPRESA.
- MODELO 111 E XUSTIFICANTES DE PAGO.
- MODELO 190 (DECLARACIÓN INFORMATIVA. RETENCIÓN E INGRESOS A CONTA)
- BOLETÍN DE COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL MENSUAIS;
 - RNT; RELACIÓN NOMINAL DE TRABALLADORES.
 - RLC; RECIBO DE LIQUIDACIÓN DE COTIZACIÓN.
- XUSTIFICANTES DE PAGAMENTO DAS COTIZACIÓN.

NO CASO DE COTAS LIQUIDABLES CON POSTERIORIDADE Á DATA DE XUSTIFICACIÓN, A ENTIDADE DISPÓN DE UN MES PARA ACREDITAR O SEU PAGAMENTO OU PRESENTACIÓN



INNOVACIÓN

» INSTRUCCIÓN DE XUSTIFICACIÓN

» DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA REQUIRIDA – SUBCONTRATACIÓN

- SE PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO FOSE NECESARIA A SUBCONTRATACIÓN ACHEGARASE UNHA **LISTAXE** CON CADA UNHA DAS SUBCONTRATACIÓN REALIZADAS, O **IMPORTE** DE CADA UNHA DELAS E O **ESTADO CONTABLE** DAS MESMAS. TERASE EN CONTA;
 - AS FACTURAS EMITIDAS ESPECIFICARÁN O CONTIDO DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO QUE SE FINANCIAN.
 - APORTARASE XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DAS DEVANDITAS FACTURAS.
 - INFORME XUSTIFICATIVO DA ENTIDADE SUBCONTRATADA NA QUE ESPECIFIQUEN AS ACTIVIDADES E TAREFAS REALIZADAS.
 - DECLARACIÓN DE **CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DNSH** E, SE FORA O CASO, COAS **OBRIGAS DE ETIQUETAXE DIXITAL**.
- PARA A FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS ESTARASE AO DISPOSTO NO APARTADO **CONTRATOS MENORES**, NA PÁXINA 9 DAS INSTRUCIÓN.



» INSTRUCCIÓN DE XUSTIFICACIÓN

» DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA REQUIRIDA – CONTRATOS MENORES

- CANDO OS IMPORTES SEXAN **SUPERIORES A 15.000€ PARA CONTRATOS DE SERVIZOS OU A 40.000€ PARA CONTRATOS DE OBRA**, DE FORMA XERAL, A PERSOA BENEFICIARIA DEBERÁ APORTAR TRES OFERTAS DE DIFERENTES PROVEDORES CON CARÁCTER PREVIO Á CONTRATACIÓN. AS OFERTAS DEBERÁN REUNIR AS SEGUINTE CARACTERÍSTICAS;
 - **COMPARABLES**; REFERIRANSE Á MESMA TIPOLOXÍA DE OBXECTO, CON SIMILARES PRESTACIÓNS E OS CONCEPTOS PODERÁN SER COMPARABLES ENTRE SI.
 - **NON VINCULACIÓN**; OS PROVEDORES NON PODERÁN ESTAR VINCULADOS ENTRE SI NIN COA EMPRESA SOLICITANTE.
 - **IDENTIFICACIÓN DE OFERTANTE E SOLICITANTE**; DE FORMA XERAL CONSTARÁN A RAZÓN SOCIAL, DOMICILIO E O NÚMERO OU CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL.
 - **DATA DE SOLICITUDE E VALIDEZ**; DEBERÁN MOSTRAR UNHA DATA DE EMISIÓN E UN PRAZO DE VALIDEZ.
- ACTIVIDADES SUBCONTRATADAS POR MAIS DO 20% DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN E SUPERIOR A 60.000€
 - O CONTRATO CELEBRARASE POR ESCRITO.
 - A CELEBRACIÓN DO CONTRATO SEXA AUTORIZADA POLO IGAPE.
- *CANDO POLAS ESPECIALS CARACTERÍSTICAS DOS GASTOS NON EXISTA NO MERCADO SUFICIENTE NÚMERO DE ENTIDADES QUE OS PRESTEN OU SUBMINISTREN ATENDERASE AO ESTABELECIDO A TAL EFECTO NAS BASES DA CONVOCATORIA.*



» INSTRUCCIÓN DE XUSTIFICACIÓN

» DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA REQUIRIDA – CONCEPTOS VARIOS

- **INVESTIMENTOS EN EQUIPAMENTO, MATERIAL INSTRUMENTAL, (...)**; LISTAXE NO QUE SE DETALLE O CUSTO DO EQUIPO, ASÍ COMO O CUSTO DE AMORTIZACIÓN REPERCUTIDO AO PROXECTO CALCULADO SOBRE A BASE DE BOAS PRÁCTICAS CONTABLES E INFORME NO QUE SE PODA COMPROBAR O PERÍODO DE AMORTIZACIÓN. ACOMPAÑARASE CON;
 - FOTOGRAFÍAS DO EQUIPAMENTO.
 - FACTURAS DE COMPRA.

RELACIONAR ELEMENTOS CON NÚMERO DE SERIE
- **CONSULTARÍA, DESENVOLVEMENTO, HARDWARE E GASTOS INTERNOS**; LISTAXE ONDE SE IDENTIFIQUE CADA UN DESTES ELEMENTOS, A SÚA NECESIDADE E RELACIÓN CO PROXECTO, ASÍ COMO O CUSTO REPERCUTIBLE AO MESMO. EN CASO DE **CONSULTARÍA**, DETALLARANSE ADEMAIS AS TAREFAS IMPLICADAS E A SÚA CARGA SOBRE PROXECTO EN TERMOS HORARIOS E ECONÓMICOS.
- **CUSTOS DE INVESTIGACIÓN CONTRACTUAL, COÑECEMENTOS E PATENTES**; ACOMPAÑARASE LISTAXE CON CADA UN DESTES GASTOS, A SÚA NECESIDADE E RELACIÓN CO PROXECTO, ASÍ COMO O CUSTO REPERCUTIBLE AO MESMO.
- **GASTOS XERAIS E OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN ADICIONAL, INCLÚIDOS OS CUSTOS DE MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS E PRODUTOS SIMILARES, QUE SE DERIVEN DIRECTAMENTE DO PROXECTO**; ACHEGARASE LISTADO ONDE SE IDENTIFIQUE CADA UN DESTES ELEMENTOS, A SÚA NECESIDADE E RELACIÓN CO PROXECTO, ASÍ COMO O CUSTO REPERCUTIBLE AO MESMO.



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

